



CONCELLO DE VALDOVIÑO

Avda. Porta do Sol s/n
15552 Valdoviño (A Coruña)
Tfno.: 981 487 041 Fax.: 981 487 294
www.concellodevaldovino.com



BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA AXUDA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, ADHERIDO AO PEL-REACTIVA: FONDO DE FINANCIAMENTO PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DE A CORUÑA, do Plan de Empleo Local (PEL 2020)

De conformidade ao previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxa documentación completa se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

1.- Obxeto e finalidade.

Impulsar a actividade económica e o emprego no termo municipal e contribuír a paliar na medida do posible os danos derivados da pandemia da COVID-19, nas microempresas e autónomos/as.

Facilitar medios ás microempresas e persoas traballadoras por conta propia ou autónomas do municipio adherido ao Fondo de Financiamento, para facer fronte ás consecuencias derivadas da crise motivada pola COVID-19, e contribuír á súa recuperación e viabilidade no novo contexto socioeconómico.

2.- Persoas beneficiarias.

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores/as ao seu cargo e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica, que se atopen nalgún dos supostos indicados a continuación:

- a) **Grupo I:** Que se visen afectados polo peche en virtude do disposto no *Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19*, e a súa modificación aprobada no *Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo*.
- b) **Grupo II:** Que non se visen afectados polo peche, pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020 se vira reducida, polo menos, nun 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma.
- c) **Grupo III:** Que se viran na obriga de acollerse a un ERTE (Expediente de Regulación Temporal de Emprego), nos termos establecidos no *Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19*.



CONCELLO DE VALDOVIÑO

Avda. Porta do Sol s/n
15552 Valdoviño (A Coruña)
Tfno.: 981 487 041 Fax.: 981 487 294
www.concellodevaldovino.com



3.- Procedemento de concesión.

O procedemento de concesión das axudas reguladas nestas bases, será o de concorrencia competitiva, de acordo co establecido no artigo 22.1 da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións*.

4.- Contía e período subvencionable.

O importe da subvención será fixo, e determinarase conforme aos seguintes criterios:

4.1.- Traballadores/as por conta propia ou autónomos, sen traballadores ao seu cargo, afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación no segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma: 1.500 €

4.2.- Traballadores/as por conta propia ou autónomos con traballadores/as ao seu cargo e microempresas afectados polo peche como consecuencia da declaración do estado de alarma ou aqueles que non se visen afectados polo peche pero cuxa facturación segundo trimestre fiscal de 2020, se vise reducida, polo menos nun 75% en relación coa media de facturación do semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou que se visen na obriga de acollerse a un ERTE, atendendo ao seguinte:

- a) Un só traballador/a: 2.000,00 €.
- b) Entre 2 e 5 traballadores/as: 2.500,00 €.
- c) Entre 6 e 9 traballadores/as: 3.000,00 €.

5.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes é o determinado na Resolución número 2020/32931 de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL-REACTIVA), publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 181, en data 28 de outubro do 2020.

Así, o prazo de solicitude no Concello de Valdoviño por parte das microempresas e persoas traballadoras autónomas do termo municipal, iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, da convocatoria específica de axudas do Concello e finalizará ás 14.00 horas do día 25 de novembro de 2020.